


Evocación no Centro Gallego de Buenos Aires

A nosa Xeneración Nós

Victoria Armesto



A súa misión non sempre foi fácil para Otero Pedrayo

Ramón Cabanillas, que tiña dez anos máis que Risco, era natural de Cambados. Descubriu Galiza na emigración. Na Habana publica os seus libros «Do Desterro» e «Vento Mareiro» onde brila a fonda cultura humanística adprendida cando fora estudante de crego no seminario de Compostela.

Ramón Cabanillas iba a ter unha vida longa e fecunda. Eu presenciei a súa coronación como poeta laureado en Padrón. Foi como unha antiga cerimonia druídica, como a exaltación dun bardo celta.

Con un libro de Ramón Cabanillas «Antífona da Cantiga» nasce o ano 1951 a editorial Galaxia, que viña a continuar a labouira cultural encetada pola Biblioteca Galega ou pola Editorial Nós.

Antón Lousada Diéguez, que debía ter os mesmos anos que Cabanillas, era natural de A Estrada. Estudante na universidade de Deusto caeu baixo o engado da forza exemplar de Vasconia.

Era ise raro espécimen de galeguista carlista.

Foi primeiro profesor de Filosofía do Instituto de Ourense e logo do de Pontevedra. Na epidemia de tifus morreu en Ourense a súa primeira muller que era unha señorita da casa de Valladares, sobrina netá de don Marcial, o autor do diccionario e da primeira novela en galego «Maxina ou a filla espurea».

Lousada Diéguez morreu en Pontevedra o ano 1929. Despois do enterro Castelao díxolle a don Ramón Otero:

«Imos facer un libro sobre Lousada, un libro encuadernado en ouro, ilustrado por min.»

De Lousada quedan algúns contos e artigos espallados nos xornaes. Pra Nós escribiu a «Teoría quasi trascendente da velocidade». Deixou tamén un ensaio dramático inédito «A Domeadora».

Eu non conozo a obra literaria de Lousada Diéguez mais coido que non reflexa a importancia que Lousada exerceu na renascencia cultural galega.

Lousada Diéguez exerceu un maxisterio persoal e si eu teño unha noticia exacta do seu significado non e polo que din os libros senón polo que me contou don Ramón Otero Pedrayo.

«Non teño coñecido personalidade de

semellante forza suxestiva», dice don Ramón.

Don Ramón sabe do que fala pois foi levado ao galeguismo por Lousada Diéguez.

Don Ramón foi o fillo úneco que tiveron o doutor Otero e a súa dona, Eladia Pedrayo Sotelo, petrucia de Trasalba.

O abó de don Ramón era o xefe do partido conservador en Ourense. Parecía xusto que fora conservador xa que tiña moito que conservar. Ramón pasaba os invernos en Ourense e os veráns en Trasalba.

Ninguén matinaba, cando il era neno, que o pazo de Trasalba iba a ter a mesma importancia literaria que o pazo de Casdemiro, fogar do Padre Feixoo.

Ramón Otero Pedrayo estudou Filosofía e Dereito en Madrid. Non toleaba polos libros. Gostábanlle máis as rapazas loiras, o pasear moi elegantemente e ben posto pola Carrera de San Jerónimo.

Gostaballe falar de Chateaubriand, de Victor Hugo, de Verlaine... Xa estaban as Irmandades da Fala en marcha,

xa estaba o seu amigo Risco envolto no engado galeguista, e aínda don Ramón vagaba polos vieiros da cultura francesa.

Era un xoven mouro, atractivo, escanzado e de pouca saúde. Dona Eladia tiña medo de que morrera noviño. Dona Eladia tiña a ilusión de que don Ramón casara con unha sobriña de Montero Ríos e que chegara a ser académico da Academia de Ciencias Morales e Políticas.

A forza magnética, a suxestión do pontevedrés Antón Lousada Diéguez arrincou a don Ramón daquíl vagar e obrigoulle a enfrentarse co seu sino; a dura misión, que non sempre foi fácil pra don Ramón Otero Pedrayo, ser o representante da nosa cultura e do noso inmorrante espírito.

Florentino López Cuevillas estudou o Bachillerato no Instituto de Ourense con Risco e con Otero. Era o fillo póstumo e úneco dun delegado de Hacienda; pola nai pertencía a vella familia ourensán dos Seara.

Cuevillas estudou a carreira de Farmacia en Compostela mais logo prefe-

riu entrar en Hacienda a poñer unha botica.

Seguramente foi unha sorte pois, para farmacéutico, Floro tiña demasiada afición a tomar píldoras e medicinas.

«Si Cuevillas tiene una farmacia —dixo un amigo— se la devora el solo en ocho días».

O primeiro traballo literario de Cuevillas foi un estudo sobre a revolución rusa publicado na revista neosofica de Risco «La Centuria». Cuevillas comenzo falando, con moito detalle, dos preliminares e causas e morreu a revista antes de que Cuevillas chegara a revolución.

Cuevillas facía na revista «Nós» artigos onde falaba do tempo e da vida mais, a partir do número 9, encetou os estudos arqueolóxicos coa mansión de Aquis Querquernis.

Pola súa exemplar dedicación, polo seu talento científico coñecemos hoxe milloar a Galiza celtiga e preceltiga, as poblaciós que moraban nos castros e os misteriosos Oestrimnios.

Nesta admirable labouira de Florentino Cuevillas foron logo vencellándose homes xóvenes que tamén adicaron as súas enerxías ao esclarecemento do pasado galego, como Fermín Bouza Brey e Xaquín Lourenzo, que hoxe aínda vive.

O primeiro número da revista Nós aparece o día 30 de outono do ano 1920, fai cincuenta anos. Pubricouse primeiro en Ourense, despois na Coruña e nos derradeiros tempos na editorial Nós de Santiago, da que era director-proprietario o benemérito don Anxel Casas.

A inquedanza que desperta Nós alumea o movemento estudiantil encamiñado a galeguizar a Universidade de Compostela do que nascerían logo o Seminario de Estudos Galegos e o proxecto da Residencia de Estudiantes.

Da revista Nós publicáronse 138 números, o 139 foi interrompido polos acontecementos do ano 36. Era unha publicación xeitosiña pero máis ben probe que non chegou a tirar máis de 500 exemplares.

Estaba sempre en perigo de morrer e si viviu tanto foi polas axudas de amigos e colaboradores, principalmente pola subvención que lle pasaba o gran político pontevedrés don Manuel Portela Valladares, que foi presidente do Goberno da República. «Nós debía saír tódolos meses pero interrompiuse de cando en cando, a primeira vez por decisión de Risco á chegada da dictadura de Primo de Rivera. Dous anos máis tarde volveu a saír.

A ledicia de ler

Acabo de ler o libro titulado *Castelao escritor*, recentemente publicado polas Ediciós do Castro na colección «Documentos para a historia contemporánea de Galicia». Trátase dun breve traballo que o Consello de Galicia encargara a Eduardo Blanco Amor pouco despois da morte de Castelao. Traspapelado durante anos, figura no arquivo de Xosé Núñez Búa, que a familia deste galeguista exilado puxo a disposición de Isaac Díaz Pardo co fin de ordenar unha antoloxía da súa obra, que agora se anuncia para dentro de pouco tempo.

Carlos Casares

O estudio de Blanco Amor non carece de interés, pero aparece cun retraso que lle quita non pouco valor a moitas das afirmacións que o escritor ourensán fia sobre a prosa de Castelao. O que desde entón se leva escrito sobre a obra deste último, aínda que abunden máis os panexíricos entusiasmas que as reflexións críticas, réstalle importancia ás palabras de Blanco Amor, nas que sen embargo non faltan intuicións atinadas e observacións agudas, como as que se refiren ó humorismo e o signi-

Texto recuperado

fido que este ten na obra literaria do escritor rianxeiro.

O maior interés deste libro penso eu que está no prólogo de Isaac Díaz Pardo, no que aparecen determinadas afirmacións, non demasiado explícitas, que lle otorgan ó seu breve escrito un carácter polémico, quizáis merecente dun tratamento máis amplo. É o eterno tema da historia do galeguismo da postguerra, para coñecer o cal faltan aínda datos e documentos, sobre todo no que respec-

ta ás relacións entre os galeguistas do interior e os do exterior, especialmente os que residían en Buenos Aires.

Quizais sería necesario que o propio autor do prólogo desenvolvese dun xeito máis concreto as cousas que deixa entrever. A historia desa difícil pero gloriosa etapa do galeguismo ten que escribirse, en parte, nos próximos anos, mentres sexa posible a aportación testemuñal de moitos dos protagonistas, algúns deles absolutamente imprescindibles para que podamos comprender un capítulo tan decisivo do noso pasado.



EDICIÓS DO CASTRO

SADA-A CORUNA. Teléf. 62 09 37

LIBROS GALEGOS E FEITOS EN GALICIA

- Para estudar e comprender a nosa realidade
- Para recuperar a nosa memoria máis inmediata
- Para promover e espallar as nosas formas culturais

NOVEDADES

Emilio González López
DE ESPARTERO A LA REVOLUCION
GALLEGA DE 1846

Xesús San Luís Romero
O FIDALGO